



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fndesdiaruna.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20/05/2019

No Salón de Plenos do Concello de Frades, cando son as 14:25 horas do día 20 de maio de 2019, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente a petición do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para este día, reúnen-se os seguintes concelleiros:

46910475C JESUS MIGUEL PRADO CEA - PP
76363609K M^a ANGELES ALVAREZ CARRO - PP
79331173X NELLY IGLESIAS REY - BNG
33237699P JOSÉ MARIA PÉREZ LAGOS - BNG
44842883J OSCAR BOTANA RUA - PP
76329065T JESÚS FRANCO SÁNCHEZ - PP
76311016Y RAMÓN GARABATO BOGA - PP
34893023E MANUEL FERREIRO MARZOA - PP
45955945V LORENA SUÁREZ PARDO-BNG
76368290X JUAN CARLOS PORTOS BRA-PP

baixo a Presidencia de 79314640Z ROBERTO REY MARTÍNEZ como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria- Interventora do Concello Carmen Gómez Otero.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Os señores concelleiros declaran coñecer o contido da acta da sesión extraordinaria anterior de data 29 de abril de 2019.

O Pleno por unanimidade ACORDA aprobar a acta da extraordinaria anterior de data 29 de abril de 2019.

2. REVISIÓN DOS RECIBOS DO LIXO.-

O Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos que intervéñ para que se lle faciliten os baremos e as cotas que hai para cobrar os recibos do lixo.

O Alcalde- Presidente intervéñ para explicar que os mesmos están contidos nunha Ordenanza Fiscal que é pública xa que se pode acceder á mesma a través da páxina da Deputación Provincial de A Coruña.

A Continuación, o Alcalde procede á lectura das cotas aprobadas para o 2018, vixentes no 2019:

<<ART.- 6. CUOTA TRIBUTARIA:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fndesdiaruna.es

La cuota tributaria se determinará en función de la naturaleza y destino de los inmuebles, Las tarifas a aplicar son las que se determinan en el ANEXO UNO de esta Ordenanza.>>

ANEXO I

ACTIVIDAD ECONÓMICA	CUANTÍA EUROS
Vivienda Rural	68
Vivienda Urbana	96
Hoteles, Moteles y Residencias	360
Supermercados, Autoservicios y Similares	240
Pescaderías, Carnicerías, Pastelerías y similares	150
Restaurantes y similares	240
Fannacias	240
Peluquerías	240
Materiales de construcción	300
Gasolineras	300
Gestorías, Bancos, Agencias de Viaje y similares	120
Talleres Mecánicos	200
Fábricas y Pequeñas Industrias	200
Funerarias	200
Viveros y similares	300
Otros comercios	200

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos para preguntar se hai bonificacións. O Alcalde di que non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa, por non estar reguladas na Ordenanza. O concelleiro do BNG, Don José María Pérez Lagos solicita que conste en acta.

A continuación o concelleiro procede a ensinar o padrón do lixo do exercicio 2017 e solicítase que por favor se revise pola Alcaldía, porque existen dúas naves en Galegos que teñen tres contedores de lixo e están fóra do padrón.

O Alcalde procede a explicar que no 2008 se fixo unha revisión do padrón pero que podería ser que alguén estivese á data actual fóra do padrón e se o concelleiro coñece esa situación concreta podería denunciálo a través dun escrito dirixido ao Concello, porque todos os membros da Corporación deben denunciar calquera irregularidade que podan detectar.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos resposta dicindo que "Quen estades gobernando sodes vós"; "Non hai perruquerías no padrón, e se hai letreiro hai perruquería. Deberían pagar o lixo".

O Alcalde procede a explicar que hai que saber se está dada de alta.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fndes.diaoruna.es

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos intervén para preguntar polos bancos: " Encontrei unicamente un banco que paga. Banco Pastor a nome de Belén, e unha xestoría que paga. Pero encontrei en internet un negocio que pon Prami Frades, no Lugar do Vedral que era do Segundo Tenente de Alcalde, Don Miguel Prado Cea. ¿Poderíame dicir o Alcalde se este Sr. paga o lixo?

O Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do Grupo Municipal do PP, Don Miguel Prado Cea, que intervén para dicir que a empresa está dada de baixa.

O Alcalde explica que o que paga é o propietario do edificio que non é Miguel, senón o titular da vivenda. Paga o titular da vivenda ou local, non o do negocio.

A continuación o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos intervén para dicir que esta semana os recibos do lixo chegaronlle con recargo. O Alcalde aclara que a xestión dos mesmos a fai a Deputación, por estar delegada. O o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos di que hai Concellos que a cobran eles. O Alcalde resposta que se trata de Concellos grandes que teñen capacidade.

O Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos que sinala que "Quero que todo o mundo teña os mesmos dereitos en Frades e que polo tanto se proceda a facer unha revisión integral para saber se alguén está fóra do padrón".

A continuación o Alcalde procede a explicar que tamén haberá que revisar entón as granxas e ás casas que non están ocupadas, porque moitas delan non están pagando.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos intervén para dicir que entende que as casas aínda que non están habitadas teñen que pagar igualmente.

O Alcalde finaliza o debate propoñendo unha revisión integral de todo o padrón do lixo, así como as cotas e os diferentes epígrafes.

Sen mais intervencións, por unanimidade o Pleno municipal ACORDOU aprobar a revisión integral do Padrón, a proposta do grupo municipal do BNG.

3. DENUNCIA DE UN VERTEDOIRO DENTRO DO CONCELLO.-

O Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos que intervén para denunciar que a masa común de Gasalla está chea de escombros de obra, lavadoras, aparellos... e roga que se proceda á súa limpeza.

O Alcalde- Presidente intervén para manifestar que xa se fixeron limpeza para retirar eses escombros e ademais, puxéronse carteis para que a xente non os deposite alí e se coide o lugar.



Concello de FRADES

*Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Conña)*

*Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fndesdiaruna.es*

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15,10 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

O Alcalde,

A Secretaria

Roberto Rey Martínez

Carmen Gómez Otero

**ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA
EXTRAORDINARIA DE DATA 12.06.2019**